





Os maiores e as TIC

XUNTA DE GALICIA

Índice

	Páxina
I Introdución	3
II Os maiores e o uso de ordenador	5
III Os maiores e o uso de Internet e comercio electrónico	13
IV Os maiores e a Administración electrónica	27
V Conclusións	32

I. INTRODUCCIÓN





Estudo realizado polo Observatorio da Sociedade de Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)** da Xunta de Galicia.

Marco estratéxico: Axenda Dixital 2020 da Xunta de Galicia.



Obxectivo

Avaliar o uso das tecnoloxías da información e a comunicación entre a poboación de 55 a 74 anos, a partir de datos obtidos no marco do convenio asinado entre a Amtega e o IGE.



Fontes de información

- Enquisa Estrutural de Fogares (IGE) - Indicadores tecnoloxías-. Instituto Galego de Estatística (IGE).
- *Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de Información y Comunicación en los Hogares (TIC-H)*. INE.

II. OS MAIORES E O USO DE ORDENADOR






Unha de cada tres persoas de 55 a 74 anos utilizou o ordenador nos últimos tres meses.

Uso de ordenador entre os maiores nos últimos tres meses

(% sobre as persoas de 55 a 74 anos)




Media galega
De 16 a 74 anos

66,9%

Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

Persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses Evolución




Fonte: OSIMGA + IGE (2013-2016)

A utilización de ordenador incrementábase ano a ano entre os maiores, especialmente entre os que teñen de 55 a 64 anos. Cabe destacar que o incremento no uso do ordenador entre os 55 e 74 anos nos catro últimos anos (11,3 puntos) supera ao ritmo de crecemento do conxunto da poboación (7,1 puntos).

Uso de ordenador nos últimos tres meses

Fenda dixital
De 16 a 74 anos
3,9 puntos




Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

A fenda de xénero no uso de ordenador é de 12 puntos porcentuais entre os maiores con idade superior aos 65 anos. Esta fenda redúcese ata os 8,2 puntos porcentuais entre os maiores de 55 a 64 anos. En ambos os dous tramos de idade, supérase amplamente a fenda de xénero global galega (3,9 puntos)

Uso do ordenador entre os maiores nos últimos tres meses segundo o tamaño de hábitat

(% sobre o total de persoas de 55 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

O tamaño do hábitat incide claramente no uso do ordenador entre os maiores, incrementándose o uso do ordenador a medida que o fai o tamaño do concello onde residen e destacando, especialmente, o dato que se rexistra nas grandes cidades.

Uso do ordenador entre os maiores nos últimos tres meses nos grandes concellos

(% sobre o total de persoas de 55 a 74 anos residentes nos grandes concellos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

Os concellos da Coruña e Santiago destacan por un maior nivel de utilización do ordenador entre as persoas maiores.

Pola contra, o concello de Pontevedra é o que rexistra un menor uso do ordenador entre os maiores.

Uso do ordenador entre os maiores nos últimos tres meses segundo o nivel de ingresos

(% sobre o total de persoas de 55 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

O nivel de ingresos incide directamente sobre o uso de ordenador entre os maiores de forma significativa, de modo que a medida que medran os ingresos, incrementase o uso do ordenador.


Maiores que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses Galicia - España

Galicia



Fonte: EEF (OSIMGA + IGE)

España



Fonte: INE



Comparativamente coa media estatal, a fenda dixital entre os maiores sitúase ao redor de 9 puntos porcentuais.

II. OS MAIORES E O USO DE INTERNET E COMERCIO ELECTRÓNICO






Un 36,6% das persoas de 55 a 74 anos utilizou Internet nos últimos tres meses.

Uso de Internet nos últimos tres meses

(% sobre as persoas de 55 a 74 anos)




Media galega
De 16 a 74 anos

70,7%

Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses Evolución

(% sobre o total da poboación)




O uso de Internet incrementouse nos últimos catro anos en todos os grupos de idade, destacando que o 50% das persoas con idades comprendidas entre os 55 e os 64 anos utilizaron Internet nos últimos tres meses, fronte un 29,4% que afirmaron utilizalo no ano 2012.

Cabe salientar que o ritmo de crecemento entre os maiores de 55 a 64 anos (20,6 puntos nos catro últimos anos) é moi superior ao que rexistra a media global (13,3 puntos)

Uso de Internet entre os maiores nos últimos tres meses segundo o sexo

Fenda dixital
De 16 a 74 anos
4,3 puntos




Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

As diferencias de xénero no uso de Internet están bastante marcadas, especialmente no grupo de idade de 65 a 74 anos, onde a fenda alcanza os 11,9 puntos porcentuais, superando amplamente a fenda dixital galega (4,3 puntos)

Uso de Internet entre os maiores nos últimos tres meses segundo o tamaño de hábitat

(% sobre o total de persoas de 55 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

O tamaño do hábitat resulta determinante no uso de Internet, incrementándose a medida que o fai o tamaño do concello onde residen.

Uso de Internet entre os maiores nos últimos tres meses nos grandes concellos

(% sobre o total de persoas de 55 a 74 anos residentes nos grandes concellos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

Os concellos da Coruña e Santiago destacan por un maior nivel de utilización de Internet entre as persoas maiores.

Uso de Internet nos últimos tres meses segundo o nivel de ingresos


(% sobre o total de persoas de 55 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

Como sucedía co uso de ordenador, os ingresos inciden claramente nun maior uso de Internet nos últimos tres meses.

Persoas maiores que utilizaron Internet nos últimos tres meses Galicia- España



Fonte: EEF (OSIMGA + IGE)



Fonte: INE


En relación coa media estatal, a fenda entre os maiores no uso de Internet sitúase ao redor dos 10 puntos porcentuais.



Un 7,9% dos galegos de 55 a 74 anos realizou compras a través de Internet nos últimos tres meses.

Compras por Internet nos últimos tres meses.

(% sobre as persoas de 55 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

Media galega
De 16 a 74 anos

26,6%

Compras por Internet nos últimos tres meses Evolución

(% sobre o total da poboación)



Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

■ Ano 2012* ■ Ano 2013 ■ Ano 2014 ■ Ano 2015


Nota: ano 2012 refírese a compras por Internet nalgunha ocasión

As compras a través de Internet aumentaron no último ano en todos os rangos de idade, concretamente en 2,8 puntos porcentuais no caso das persoas con 55 e 64 anos, e 0,9 puntos porcentuais nas idades comprendidas entre os 65 e 74 anos.

Non obstante, os valores entre os maiores neste indicador están lonxe de acadar a media galega.

Compras entre os maiores a través de Internet nos últimos tres meses segundo o sexo

(% sobre persoas de 55 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

Aínda que os homes utilizan en maior medida a Rede para realizar as compras, a fenda de xénero neste indicador é sensiblemente inferior á existente no uso de Internet.

Compras a través de Internet entre os maiores nos últimos tres meses segundo o tamaño de hábitat

(% sobre o total de persoas de 55 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

Novamente son os grandes concellos onde se rexistran as porcentaxes máis elevadas de persoas maiores que fan un maior uso do comercio electrónico.

Compras a través de Internet entre os maiores nos últimos tres meses segundo o nivel de ingresos.


(% sobre o total de persoas de 55 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

As compras por Internet nos últimos tres meses son máis frecuentes entre as persoas de 55 a 74 anos que teñen un maior nivel de ingresos, de xeito que dous de cada tres individuos con ingresos mensuais de máis de 3.500€ realizaron compras por Internet nos últimos tres meses.

Compras por Internet nos últimos tres meses Evolución Galicia- España



Fonte: EEF (OSIMGA + IGE)



Fonte: INE

Tanto a media estatal como a galega rexistran porcentaxes baixas nas compras a través da Rede, especialmente entre os maiores de 64 a 75 anos. O relevo xeracional, previsiblemente, marcará un cambio de tendencia neste indicador.


III. OS MAIORES E A ADMINISTRAÇÃO ELECTRÓNICA



Máis da metade dos internautas de 55 a 74 anos empregou Internet para relacionarse coas administracións públicas.

Interacción coas administracións públicas a través de Internet nos últimos 12 meses.

(% sobre as persoas de 55 a 74 anos que usaron Internet nos últimos doce meses)




Media galega
De 16 a 74 anos

71,2%

Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

Interacción coas administración públicas a través de Internet nos últimos 12 meses. Evolución


(% sobre o total da poboación que utilizou Internet nos últimos 12 meses)



A xestión por Internet coas AAPP entre os maiores aumentou máis lentamente que no resto de indicadores analizados neste estudo. A ralentización nestes datos débese especialmente aos maiores de 65 anos, probablemente debido ao cese da súa actividade laboral.

Interacción coas administración públicas a través de Internet nos últimos 12 meses.

(% sobre persoas de 55 a 74 anos que utilizou Internet nos últimos doce meses)




Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

As diferencias en función do sexo son novamente relevantes no caso do uso de Internet para a relación coas administración públicas, rexistrándose unha fenda superior aos 8 puntos entre os homes e as mulleres de 55 a 74 anos.

Interacción coas administración públicas a través de Internet nos últimos 12 meses. Segundo o tamaño de hábitat

(% sobre o total de persoas de 55 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)



Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

Nos concellos con máis de 20.000 habitantes, a porcentaxe de internautas de 55 a 64 anos que interacciona coas Administracións Públicas supera o 60%.

V. CONCLUSIONES



Uso de Internet entre os maiores

Un 36,6% das persoas de 55 a 74 anos utilizou Internet nos últimos tres meses. O uso de Internet entre os maiores incrementouse nos últimos catro anos significativamente, destacando que xa o 50% das persoas con idades comprendidas entre os 55 e os 64 anos utilizaron Internet nos últimos tres meses, fronte un 29,4% que afirmaron utilizalo no ano 2012. Cabe salientar que o ritmo de crecemento entre os maiores de 55 a 64 anos (20,6 puntos nos catro últimos anos) é moi superior ao que rexistra a media global (13,3 puntos)

Neste informe profundízase na incidencia de factores sociodemográficos no uso das tecnoloxías entre os maiores. As diferencias de xénero no uso de Internet están bastante marcadas, especialmente no grupo de idade de 65 a 74 anos, onde a fenda alcanza os 11,9 puntos porcentuais, superando amplamente a fenda dixital galega (4,3 puntos)

O tamaño do hábitat resulta determinante no uso de Internet, incrementándose a medida que o fai o tamaño do concello onde residen. A área da Coruña é onde se observa un maior uso de Internet entre os maiores, seguido da área de Vigo. En valores próximos, sitúanse ás áreas de Santiago e Ourense, con porcentaxe de maiores usuarios de Internet superiores ao 42%.

En relación coa media estatal, a fenda entre os maiores no uso de Internet sitúase ao redor dos 10 puntos porcentuais.

Uso de ordenador entre os maiores

Esta panorámica xeral observada no uso de Internet reproducése tamén no uso do ordenador. Unha de cada tres persoas de 55 a 74 anos utilizou o ordenador nos últimos tres meses. A utilización de ordenador increméntase ano a ano entre os maiores, especialmente entre os que teñen de 55 a 64 anos. Cabe destacar que o incremento no uso do ordenador entre os 55 e 74 anos nos catro últimos anos (11,3 puntos) supera ao ritmo de crecemento do conxunto da poboación (7,1 puntos).

Comparativamente coa media estatal, a fenda dixital entre os maiores sitúase ao redor de 9 puntos porcentuais.

As compras a través da Rede a xestión electrónica coas Administracións Públicas

En relación ás compras a través de Internet, tanto a media estatal como a galega rexistran porcentaxes baixas nas compras a través da Rede, especialmente entre os maiores de 64 a 75 anos. O relevo xeracional, previsiblemente, marcará un cambio de tendencia neste indicador.

Tan só un 7,9% dos galegos de 55 a 74 anos realizou compras a través de Internet nos últimos tres meses. As compras a través de Internet aumentaron no último ano en todos os rangos de idade, concretamente en 2,8 puntos porcentuais no caso das persoas con 55 e 64 anos, e 0,9 puntos porcentuais nas idades comprendidas entre os 65 e 74 anos.

Non obstante, os valores entre os maiores neste indicador están lonxe de acadar a media global galega (26,6%). Aínda que os homes utilizan en maior medida a Rede para realizar as compras, a fenda de xénero neste indicador é sensiblemente inferior á existente no uso de Internet.

Unha análise territorial detallada confirma que nas áreas con grandes núcleos de poboación, os maiores empregan en maior medida as compras a través da Rede, con fendas ao redor de 10 puntos respecto ás áreas rurais.

A xestión por Internet coas AAPP no grupo de idade de 65 a 74 anos aumentou máis lentamente que no resto de indicadores analizados neste estudo. A ralentización nestes datos débese especialmente aos maiores de 65 anos, probablemente debido ao cese da súa actividade laboral.

Non obstante, máis da metade (54%) dos internautas de 55 a 74 anos empregou Internet para relacionarse coas administracións públicas e nos concellos con máis de 20.000 habitantes, a porcentaxe de internautas de 55 a 64 anos que interacciona coas Administracións Públicas supera xa o 60%.

